

REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

I. Disposicións xerais

Artigo 1º.

O obxecto do presente regulamento é regular, no ámbito das competencias do Concello de Vilarmador, o servizo municipal de recollida de residuos sólidos urbanos, no termo municipal de Vilarmador.

Artigo 2º

O servizo de recollida de residuos sólidos urbanos é de titularidade municipal. Corresponde ó Concello de Vilarmador, a través de calquera dos medios de xestión establecidos na lexislación de réxime local, o desenvolvemento do servizo de recollida de residuos, sen prexuízo das obrigas que incumben ós usuarios do servizo conforme ó establecido neste regulamento ou normativa sectorial.

Artigo 3º

Son usuarios do servizo todos os que soliciten ou resulten beneficiados polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local ós que se preste o servizo no termo municipal de Vilarmador.

Os usuarios do servizo deberán satisfacer as taxas previstas na ordenanza fiscal correspondente e aprobadas polo concello.

Artigo 4º

En todo proxecto de urbanización o promotor deberá resolver a operatividade do servizo de recollida de residuos, a estes efectos deberá dispoñer de espazos axeitados para colectores, seguindo en todo momento as indicacións do concello.

Artigo 5º

No non regulado expresamente neste regulamento será de aplicación o establecido na lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de recollida de residuos e medio ambiente.

II. Recollida de residuos

Artigo 6º

Inclúense neste epígrafe as normas que deben ser cumpridas polos usuarios do servizo de recollida de residuos, referentes á presentación e evacuación dos residuos sólidos urbanos, ben

sexan de carácter domiciliario, do sector servicios ou aqueles que non teñan a consideración de perigosos e que pola súa natureza podan asimilarse ós anteriores.

Artigo 7º

A recollida de residuos sólidos, será establecida polo Concello de Vilarmaior coa frecuencia e horario que estime oportuno. Todo cambio de horario e frecuencia, será feito público con antelación suficiente.

Artigo 8º

A entrega dos residuos só se fará ó persoal adicado á recollida dos mesmos, e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica, deberá responder solidariamente con esta, por calquera prexuízo que se produza a causa de aqueles, independentemente das sancións ás que houbera lugar.

Artigo 9º

Ningunha persoa física ou xurídica, poderá adicarse á recollida e aproveitamento dos residuos sen a aprobación expresa do Concello de Vilarmaior.

De igual xeito, prohíbese terminantemente ós operarios da recollida efectuar en eles calquera clase de manipulación.

Artigo 10º

Os posuidores de residuos sólidos urbanos deberán entregalos ó concello para o seu tratamento, que adquirirá desde ese momento a propiedade dos mesmos.

A entrega dos residuos, sen prexuízo das normas específicas para os que sexan obxecto de recollida selectiva, realizarase sempre en recipientes normalizados e dentro da franxa horaria que polo concello se estableza e nos seguintes termos:

Os recipientes depositaranse nos colectores instalados ó efecto polo Concello de Vilarmaior, quedando prohibido depositar os residuos directamente na vía pública.

Así mesmo, ningún tipo de residuo poderá ser evacuado pola rede de sumidoiros.

Considéranse envases ou recipientes normalizados para residuos as bolsas de plástico deseñadas expresamente para o lixo, tamén poderán utilizarse sacos de plástico ou papel impermeables non desgarrables, dunha capacidade non superior a 40 litros e nunca PVC, e depositaranse pechados.

Artigo 11º

Para unha utilización correcta dos cubos ou colectores normalizados, que o Concello de Vilarmaior pon a disposición dos usuarios, cumpriranse as seguintes normas:

- a) O usuario utilizará unicamente o cubo ou colector que teña asignado a súa zona.
- b) Só deberá utilizar o cubo ou colector para o lixo que habitualmente se produce na súa

vivenda ou local, non usándoo para vertido de líquidos, substancias das explotacións agrícolas e gandeiras ou residuos de actividades industriais.

- c) Non se depositarán nunca neles materiais de combustión.
- d) O lixo depositarse no interior dos colectores, evitando o seu desbordamento e a acumulación dos residuos nos seus arredores.
- e) Aproveitarase ó máximo a súa capacidade, evitando introducir obxectos voluminosos.
- f) Unha vez utilizado ó colector deberase pechar a tapa.

Artigo 12º

Os posuidores de residuos obxecto de recollida selectiva deberán obrigatoriamente depositalos nos colectores habilitados ó efecto, de acordo coa seguinte distribución:

- Colector amarelo: envases e residuos de envases (plásticos, bricks, latas, etc....)
- Colector azul: papel e cartón
- Colector verde: vidro

Artigo 13º

En circunstancias de emerxencia derivadas de conflitos sociais, fenómenos meteorolóxicos, ou outras situacións de forza maior que impidan prestar o servizo de recollida de lixo, o que se comunicará oportunamente, absteranse os veciños do municipio de sacar os seus residuos e non os depositarán ata que se normalice o servizo.

III. Réxime sancionador

Artigo 14º

A vixilancia e verificación do cumprimento deste regulamento farase de oficio polo propio concello en virtude da función inspectora e de comprobación propia da súa competencia ou a instancia de parte, mediante a correspondente denuncia.

Artigo 15º

Os propietarios e os usuarios, por calquera título, dos edificios, actividades ou instalacións, deberán permitir, e a súa vez terán dereito a presenciar, as inspeccións e comprobacións necesarias para asegurar o cumprimento do establecido neste regulamento.

Artigo 16º

Comprobado o incumprimento do disposto no presente regulamento o funcionario actuante formulará a oportuna denuncia. Á vista das actuacións practicadas, o concello propondrá as medidas correctoras que procedan.

Artigo 17º

Todo o persoal de Servicios Municipais que exerza misión de vixiancia na vía pública ou labores de limpeza, está obrigado a denunciar calquera infracción a dito regulamento.

De igual xeito, toda persoa natural ou xurídica, terá o dereito e deber de denunciar calquera infracción ó presente regulamento. Recibida a correspondente denuncia, incoarase o oportuno expediente dos feitos, adoptando as medidas necesarias ata a súa resolución final.

Artigo 18º

As infraccións ós preceptos deste regulamento, sen prexuízo de que os mesmos feitos poidan constituír infracción penal ou administrativa a normas estatais ou autonómicas, calificanse en moi graves, graves e leves.

☞ Son infraccións moi graves:

- Depositar toda clase de residuos e desperdicios nos ríos, regatos, calquera cauce de auga natural ou artificial, nas carballeiras, espazos naturais, terreos públicos, comunais ou privados.
- Depositar nos colectores residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras ou nas actividades industriais, así como aqueles que teñan a calificación de perigosos.
- Formación de vertedoiros ilegais e depósito de residuos nos mesmos.
- Actos de deterioro grave a papeleiras, colectores, cubos de recollida ou calquera outro equipamento da limpeza viaria e recollida de residuos.
- A reiteración na comisión de tres faltas graves no prazo dun ano, considerarase moi grave a terceira.

☞ Son infraccións graves:

- Modificar sen autorización o emprazamento de colectores e cubos de recollida.
- Volcar e/ou baleirar na vía pública o contido dos colectores e cubos de recollida.
- A realización por particulares de labores de recollida de residuos sen autorización municipal.
- A reiteración na comisión de tres faltas leves no prazo de 6 meses, considerarase grave a terceira.

☞ Son infraccións leves:

- Realizar o depósito de residuos fóra das datas de horario que, no seu caso, poida establecer o Concello de Vilarmaior.
- Depositar os residuos nas beirarrúas ou vía pública fóra dos colectores ou cubos.
- Realizar o depósito e residuos sen utilizar recipientes normalizados.
- Incumprir o preceptuado sobre recollida selectiva, en especial realizar o depósito en colector non axeitado ó tipo de residuo.
- Cuspir ou realizar as necesidades fisiolóxicas nas rúas, parques, xardíns ou calquera espacio público.

- Toda infracción ó establecido neste regulamento que non esté calificada como moi grave ou grave.

Artigo 19º

As sancións pola comisión de infraccións consistirán en multas de acordo cos seguintes límites.

Infraccións moi graves de 1.501,01 ata 3000 euros.

Infraccións graves de 750,01 a 1.500 euros

Infraccións leves ata 750 euros.

Na aplicación das sancións atenderase ó grado de culpabilidade, entidade da falta cometida, perigosidade que implique a infracción, reincidencia ou reiteración e demais circunstancias atenuantes ou agravantes que concorran.

Artigo 20º

O procedemento para a imposición de sancións axustarase ó establecido no R.D 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

A competencia para a incoación e resolución dos expedientes sancionadores corresponde á Alcaldía.

Disposición final.-

Este regulamento entrará en vigor unha vez que o texto aprobado definitivamente sexa publicado de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo o que fai referencia o art. 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Vilarmaior, novembro de 2004

O ALCALDE PRESIDENTE

Asdo.: Carlos Vázquez Quintián